

PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS

Curso 2022/2023

PROFESORADO	MATERIA	NIVEL
Marta Dacosta López	L.GALEGA INICIACIÓN AO PORTUGUÉS	2º ESO INICIAC. AO PORTUGUÉS 2º ESO L.GALEGA 3º ESO A e B L.GALEGA 3º ESO PDC
Luisa Duro Santos	L. GALEGA	2º ESO 3º ESO C 4º ESO A e B 1º BAC.A e B
Leticia López Pérez	L. GALEGA VALORES ÉTICOS	1º / 2º ESO E 2ºBAC. VALORES ÉTICOS

Índice

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.	5
3. OBXECTIVOS	6
4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.....	9
5. METODOLOXÍA	70
6. MATERIAIS,FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	71
7 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	72
8 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO.....	72
9. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.	77
10. AVALIACIÓN INICIAL	78
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	78
12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	79
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	80
14. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	80
15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.....	80
16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC	81
17. ANEXO. RÚBRICAS.....	138

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que o curso 2015-2016 se aplicou aos niveis de 1º e 3º de ESO, así como ao 1º de Bacharelato.No curso 2016-17 xa se implanta a LOMCE nos cursos restantes.No presente curso escolar seguirá vixente a LOMCE nos cursos pares ,pero xa se implanta a LOMLOE nos cursos impares.Así pois,a presente programación só reflectirá os cursos da LOMCE.

En atención á nova configuración curricular , establécese o agrupamento de materias en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

No bloque de materias de libre configuración autonómica encádrase o desenvolvemento curricular da disciplina de Lingua Galega e Literatura, competencia exclusiva da comunidade autónoma, á que lle corresponde un tratamento análogo ao da disciplina de Lingua Castelá e Literatura, segundo o establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

No desenvolvemento dos currículos das distintas linguas faise unha referencia expresa ao plurilingüismo, no sentido de que a competencia nunha lingua interactúa e se enriquece co coñecemento de outras e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade.

Por isto, tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato, a aprendizaxe da Lingua Galega tratarase de xeito integrado coas outras linguas do currículo, especialmente coa outra lingua ambiental, o castelán. Non obstante, debido ao diferente punto de partida de cada unha delas, pola situación

de minorización da lingua galega, levaranse a cabo dentro da materia de Lingua Galega medidas concretas que impulsen a súa normalización, co fin de que o alumnado acade unha competencia lingüística equilibrada nas dúas linguas oficiais ao rematar a súa escolarización.

A materia de Lingua Galega, como o estudo das demais linguas, ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Xa que logo, a materia estrutúrase en cinco bloques de contidos con múltiples conexión entre eles: bloque 1 “Comunicación oral. escoitar e falar”, bloque 2 “Comunicación escrita. Ler e escribir”, bloque 3 “Funcionamento da lingua”, bloque 4 “Lingua e sociedade” e bloque 5 “Educación literaria”.

As ferramentas e coñecementos que se achegarán ao alumnado en cada un destes ámbitos terán como finalidade que este se poida desenvolver eficaz e satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida privada , social e profesional, así como desenvolver a súa capacidade crítica , creativa e emocional a través da lectura de distintos tipos de textos e obras literarias.

No deseño de cada un destes bloques, tal como establece a LOMCE, indícanse os obxectivos xerais da etapa e a súa relación con cada bloque de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave que o alumnado deberá desenvolver ao rematar a etapa.

En tódolos niveis se prestará unha especial atención ao fomento da lectura. No Ensino Secundario, adicaráselle unha hora semanal á mesma con actividades relacionadas cos textos lidos. Ademais das dúas obras de lectura individual que todo o alumnado deberá ter feito obrigatoriramente a final do curso e que serán comúns para tódolos alumnos do mesmo nivel, haberá unha listaxe de outras lecturas propostas na clase e na biblioteca que poderán facer libremente e será avaliada positivamente. O departamento colaborará co grupo de biblioteca e coa dirección do centro na selección de textos e deseño de actividades do Plan Lector.

Dado que a adquisición das competencias clave é progresiva no proceso de ensino-aprendizaxe, os obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación tamén se adaptarán a cada nivel, e mesmo poderán ser modificados ao longo do curso para adaptalos á realidade do alumnado. Calquera adaptación da programación inicial á necesidade do alumno ou grupo de alumnos valorarase e decidirse consensuadamente polos membros do Departamento, que terá cando menos unha reunión mensual para facer un seguimento da programación.

1.2. O CENTRO

a) O Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos é un centro do Concello de Narón de titularidade pública.

O centro atópase no Camiño Real S/N.

Na contorna atopamos un polígono onde se desenvolven actividades de tipo industrial, comercial e empresarial.

O nivel socioeconómico das familias é principalmente de clase obreira ou clase media/baixa.

Na contorna máis inmediata ó centro podemos atopar, cara ó norte e ó leste edificacións de grande volume adicadas como xa se indicou antes a actividades de tipo industrial, comercial e empresarial. Cara ó sur e o leste atopamos vivendas unifamiliares, e, nun contorno máis afastado vivendas plurifamiliares. Ademais, inmediatos ó centro, atopamos o IES As Telleiras e o polideportivo municipal de As Lagoas.

O acceso principal ó centro resólvese dende a Estrada de Cedeira.

A distancia do IES ós núcleos urbanos do concello, así como a procedencia dos alumnos fai que estes accedan na súa práctica totalidade a este en transporte escolar, e, no caso dos alumnos de ciclos en transporte privado cando o seu horario lectivo non coincide co do resto dos alumnos.

Este feito supón un condicionante extremo na actividade do centro pois, na práctica, o desenvolvemento de calquera actividade fóra do horario lectivo implica o desprazamento dos participantes polos seus propios medios sen que exista nin sequera transporte colectivo público nas proximidades.

b) Modelo lingüístico.

O idioma oficial empregado no centro é o galego. Emprégase en tódalas comunicacións, circulares e escritos.

En canto ó idioma empregado nas clases, é parello entre o galego e o castelán, axustándose en todo caso ó prescrito na normativa lingüística sobre o uso do galego no ensino.

O idioma empregado polos profesores nas súas relacións persoais é indistintamente galego ou castelán, sen que se aprecie preponderancia no uso dalgún deles.

c) Datos relacionados co alumnado e coas familias:

1) Etapas e niveis de ensinanza.

O centro imparte ensinanzas de:

1.a) Educación secundaria obrigatoria (ESO)

1.b) Bacharelato. As modalidades impartidas son o Científico Tecnolóxico e o de Humanidades e Ciencias Sociais.

1.c) Ciclos de grao medio:

- Xestión administrativa. Pertence á familia profesional de administración. Ten unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos.

1.d) Ciclos de grao superior.

- Administración e Finanzas. Pertence á familia profesional de administración. Ten unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos.

1.e)FPBÁSICA de Electricidade e Electrónica.

1.f)FPBÁSICA Xestión de Servizos Comerciais.

1.3. O DEPARTAMENTO

- Materias que se imparten no Departamento:

Lingua e Literatura Galega (ESO e Bacharelato).

Iniciación ao Portugués en 2º ESO .

Comunicación Lingüística e Sociedade (3º ESO PDC)

Valores Éticos

- Integrantes do Departamento e distribución de materias e grupos:

Luisa Duro Santos:2º ESO ,3º ESO, 4º ESO e 1º BAC(L.Galega); Marta Dacosta López(Xefa de Departamento:Iniciación ao Portugués(2º ESO), 2º ESO,3º ESO(L.Galega) e 3ºPDC.;Leticia López Pérez:2º BAC,1º ESO,2º ESO (L. GALEGA)e Valores Éticos.

2.CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Dado que a materia se orienta á adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos, é evidente que constitúe o ámbito privilexiado para o progreso da COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL) en toda a súa extensión.

Porén, hai outras competencias clave coas que garda unha relación moi estreita. A relación destas con cada estándar de aprendizaxe aparece recollida no Decreto LOMCE e a contribución da materia á consecución das mesmas dáse especialmente cando vai dirixida a:

1. Desenvolver a autoestima e a autoconfianza
Competencias : CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
2. Ter capacidade efectiva de convivir e de resolver conflitos.
Competencias: CCL, CSC
3. Construírrelacións en termos de igualdade entre homes e mulleres e eliminar estereotipos e expresións machistas ou xenófobas.
Competencias: CCL, CSC
4. escoitar, expoñer e dialogar respectando as regras propias do intercambio comunicativo en diferentes contextos e situacións.
Competencias: CCL, CD, CSC
5. Conservar e mellorar a competencia comunicativa a través da lectura e escritura.
Competencias: CCL, CAA, CSC, CCEC
6. Comprender e saber comunicar valoressociais e culturais.
Competencias: CCL, CSC, CSIEE, CCEC
7. Contribuír á favorecer a comunicación dentro da área lusófona.
Competencias: CCL, CSC, CSIEE, CCEC

3.OBXECTIVOS

3.1 OBXECTIVOS XERAIS DE ESO

Conforme ao Decreto LOMCE, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos

sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA NA ESO

2º ESO. Teranse en conta, en maior ou menor medida, todos os obxectivos recollidos no currículo para este curso, agás os i e m, que non os contempla.

Destacar que os cinco primeiros obxectivos aos que o decreto lles outorga maior relevancia nesta materia e curso son, por orde de prioridade, os seguintes: h, e, b, l, d, o que se terá en conta nos mínimos esixibles da avaliación final.

4º ESO. Teranse en conta, en maior ou menor medida, todos os obxectivos recollidos no currículo para este curso, agás o m, que non o contempla.

Destacar que os cinco primeiros obxectivos aos que o decreto lles outorga maior relevancia nesta materia e curso son, por orde de prioridade, os seguintes: h, e, b, d, l, o que se terá en conta nos mínimos esixibles da avaliación final.

3.3. OBXECTIVOS XERAIS DE BACHARELATO

Conforme ao Decreto LOMCE, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

3.4 CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA EN BACHARELATO

BACHARELATO. Teranse en conta, en maior ou menor medida, todos os obxectivos recollidos no currículo para este curso, agás os ñ e o, que non os contempla. Destacar que os catro primeiros obxectivos aos que o decreto lles outorga maior relevancia nesta materia e curso son, por orde de prioridade, os seguintes: e, b, h, d

4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

1.2.CONTIDOS 2º ESO

LINGUA E LITERATURA GALEGA- 2º ESO.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS				
COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR	TODO O CURSO	1ª AVAL.	2ª AVAL.	3ª AVAL.
B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.	X			
B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo.	X	X		
B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado	X	X		
B1.4. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.	X			
B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela..	X			
B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	X		X	
B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade	X		X	
B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	X			X
B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en	X			X

público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.				
B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.	X			
COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESCRIBIR				
B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.	X	X		
B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes	X	X		
B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias)..	X		X	
B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	X			
B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información	X	X		
B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.	X			
B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.	X			
B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.	X			
B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	X		X	
B2.10. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias	X			X

B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares..	X			
B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.	X			X
B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito	X			
B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.	X			
FUNCIONAMENTO DA LINGUA				
B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	X	X		
B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.	X	X		
B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.	X			
B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos..	X			
B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega	X	X		
B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	X		X	
B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.			X	
B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.			X	
B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto				X
B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.				X

B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais..				X
B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada				X
LINGUA E SOCIEDADE				
B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. B4.3. A lusofonía.		X		
B4.4. Situación sociolingüística do galego		X		
B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.			X	
B4.6. Situación legal das linguas do Estado español..			X	
B4.7. Prexuízos lingüísticos.				X
B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións formais.				X
EDUCACIÓN LITERARIA				
B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	X			
B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados;		X		

determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.				
B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais..		X		
B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.		X		
B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.			X	
B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.			X	
B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula			X	
B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica resolución de dúbidas de traballo.				X
B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.				X

4.2.1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 2º ESO

X: PRESENCIAL/SEMIPRESENCIAL

A: PRESENCIAL/SEMIPRESENCIAL/TELEMÁTICO

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO: 2º NIVEL:ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
COMUNICACIÓN ORAL.ESCOITAR E FALAR						
LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención	AX	AX	AX	-Debates	-Observación sistemática do	

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).				-Exposicións orais planificadas seguindo un guión elaborado previamente.	uso oral da lingua e rexistro en diario de clase	30%
LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	AX	AX	AX	-Escoita atenta de lectura de textos escritos ou de textos orais con distintas intencións comunicativas. Conclusións.	-Observación e rexistro en distintos tipos de escalas , listas ou táboas segundo a actividade .	
LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo	AX			-Presentacións orais con apoio de distintos soportes (informáticos, audiovisuais, proxección de mapas conceptuais, etc)	-Autoavaliación. -Coavaliación.	
LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	AX			Por grupos: comunicar oralmente a información recollida de pequenos proxectos de investigación e completar a propia coa exposta por outros grupos a partir dunha escoita atenta.		
LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	AX					
LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	AX					
LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias,	AX	AX	AX	-Dramatizacións dun texto alleo ou propio.		

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
reportaxes e crónicas.						
LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	AX	AX	AX	-Xogos de simulación e dramáticos de situacións variadas que supoñan modalidades discursivas e rexistros diferentes.		
LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	AX	AX	AX			
LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, reconece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.	AX	AX	AX	-Comentarios orais de noticias do interese do alumnado ou de actualidade. -Selección de anuncios publicitarios e posterior comentario oral ante o grupo sobre os valores que estes transmiten.		
LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.	AX	AX	AX			
LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízala na súa práctica habitual.	AX	AX	AX			
LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección..		AX		-Gravación en vídeo dunha exposición oral propia e posterior visionado e posta en común polo resto do alumnado para apreciar e valorar os aspectos da prosodia. -Uso espontáneo da lingua galega en calquera intervención oral durante a clase.		
LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así		AX				

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).				-Ver un debate na televisión e analízalo despois na clase.		
LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada)..		AX				
LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.		AX				
LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.).		AX				
LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.		AX				
LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas..			AX			
LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.			AX			
LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura			AX			
LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.		AX	AX			
LGB1.9.2. Fai uso dos			AX			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.						
LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.			AX			
LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.			AX			
LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.			AX			
LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	AX	AX	AX			
LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	AX	AX	AX			
LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras	AX	AX	AX			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.						
LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	AX	AX	AX			
COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR						
LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.	AX			-Elaboración de resumos a partir de lecturas de textos de diferente extensión.	-Revisión do caderno do alumno.	
LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.	AX			-Elaboración de esquemas con xerarquización de ideas e de mapas conceptuais a partir dun texto lido ou oído	-Probas obxectivas escritas sobre contidos concretos ou sobre lecturas	
LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.	AX			-Tomar notas dunha exposición oral do ámbito académico ou social.	-Registro en distintos tipos de escalas, listas ou táboas segundo a actividade.	
LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto	AX					
LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.	AX			-Escritura colaborativa.	-Autoavaliación.	
LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e	AX			-Elaboración de traballos escritos sobre distintos temas ou sobre unha obra de lectura.	-Coavaliación.	
						30%

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
despois da lectura.				-Creación en formato dixital de distintos tipos de textos de carácter social (SMS, solicitudes, reclamacións, currículums, cartas, etc) -Recoller por escrito os datos relevantes (idea principal, secundarias...) de distinto tipo de programas da TVG (noticieiros, documentais, etc)		
LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	AX					
LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.	AX					
LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar.	AX					
LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias)..		AX				
LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares..		AX				
LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	AX	AX	AX			
LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias	AX	AX	AX			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
curriculares.						
LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.	AX					
LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital..	AX					
LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo	AX					
LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios	AX	AX	AX			
LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	AX	AX	AX			
LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	AX	AX	AX			
LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais.nominal e dentro do sintagma verbal.	X	X	X			
LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.	X	X	X			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz.	X	X	X			
LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto.	AX	AX	AX			
LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo..	AX	AX	AX			
LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores).	AX	AX	AX			
LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas)	AX	AX	AX			
LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.	AX	AX	AX			
LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.	AX	AX	AX			
LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos.	AX	AX	AX			
LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións		AX				

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros						
LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación. a partir dun modelo (noticias).			AX			
LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares	AX	AX	AX			
LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.			AX			
LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido			AX			
LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos	AX	AX	AX			
LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir	AX	AX	AX			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
coñecementos.						
FUNCIONAMENTO DA LINGUA						
LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.	AX			-Debates -Exposicións orais e escritas sobre temas concretos que esixan utilizar campos semánticos específicos. -Gravación en vídeo dunha exposición oral propia e posterior visionado e posta en común polo resto do alumnado para apreciar e valorar os aspectos da prosodia. -Ejercicios específicos para determinados contidos.	-Revisión do caderno do alumno -Probas obxectivas escritas sobre contidos concretos ou sobre lecturas -Rexistro en distintos tipos de escalas , listas ou táboas segundo a actividade . -Autoavaliación. -Coavaliación	20%
LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	AX					
LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	X					
LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.	AX	AX	AX			
LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	AX					
LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos	AX					
LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.		AX				
LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.		AX				

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.		AX				
LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.		AX				
LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna..		X				
LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.			AX			
LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.			AX			
LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas erelacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa			AX			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
plurilingüe.						
LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.			AX			
LINGUA E SOCIEDADE						
LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.	AX			-Recollida de topónimos e antropónimos galegos e investigación da súa orixe. -Gravacións orais de galego falantes de distinto perfil (idade, nivel sociocultural, hábitat, procedencia xeográfica...)e posterior análise .	-Revisión do caderno do alumno -Probas obxectivas escritas sobre contidos concretos ou sobre lecturas	10%
LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.	AX				-Rexistro en distintos tipos de escalas , listas ou táboas segundo a actividade .	
LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.	AX				-Autoavaliación.	
LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración.	AX			-Investigación individual do alumno ,mediante unha enquisa ,sobre o uso da lingua galega na familia , na súa contorna ou no centro de ensino.	-Coavaliación.	
LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona	AX			Posta en común.		

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
e coñece os territorios que a integran..				<p>-Análise sobre a situación lingüística en distintos ámbitos sociais, hábitats, idades, etc. Análise de puntos fortes e febles</p> <p>-Elaborar campaña de fomento da lingua para distintos contextos sociais.</p>		
LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía.	AX					
LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.	AX					
LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos	AX					
LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.		AX				
LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.		AX				
LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.		AAX				
LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.			AX			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.			AX			
LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil.			AX			
LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.			AX			
LGB4.6.4. Rexeita os prexuizos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.			AX			
EDUCACIÓN LITERARIA						
LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.	AX	AX	AX	-Lectura de distintos tipos de textos, literarios e non literarios. -Converter un texto dun xénero literario a outro. -Crear textos sinxelos con finalidade estética seguindo modelos dados.	-Revisión do caderno do alumno -Probas obxectivas escritas sobre contidos concretos ou sobre lecturas	10%
LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.	AX	AX	AX	-Planificar a posta en escena dun sinxelo texto dramático	-Rexistro en distintos tipos de escalas , listas ou táboas segundo a actividade .	
LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.	AX				-Autoavaliación. -Coavaliación.	

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	AX					
LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	X					
LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.		AX				
LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.		AX				
LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.		AX				
LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula		AX				
LGLB5.8.1. Describe e			AX			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
caracteriza os trazos definatorios básicos da linguaxe cinematográfica						
LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas.			AX			
LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.			AX			

4.4.CONTIDOS 4º ESO

LINGUA E LITERATURA GALEGA- 4º ESO.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS				
COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR	TODO O CURSO	1ª AVAL.	2ª AVAL.	3ª AVAL.
B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo.			X	
B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual				X
B1.3. Comprensión e interpretación de	X			

textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).				
B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.			X	X
B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.			X	
LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.	AX	AX	AX	-Creación en formato dixital de distintos tipos de textos de carácter social (SMS, solicitudes, reclamacións, currículums, cartas, etc)	
LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.	X	X	X	-Producir distintos tipos de textos escritos -Facer lecturas comparativas de noticias e analizar o tratamento das mesmas.	
LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal.	AX	AX	AX	INSTRUMENTOS -Observación e rexistro en diario de clase	
LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín.	AX	AX	AX	-Revisión do caderno do alumno.	
LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión	AX	AX	AX	-Probas obxectivas escritas sobre contidos concretos ou sobre lecturas	

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
con argumentos.				-Rexistro en distintos tipos de escalas , listas ou táboas segundo a actividade . -Autoavaliación. -Coavaliación.	
LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.			AX		
LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta.			AX		
LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo.	AX	AX	AX		
LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	AX	AX	AX		
LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos	AX	AX	AX		
LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos	AX	AX	AX		
LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.	AX				
FUNCIONAMENTO DA LINGUA					
LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua	AX			PROCEDIMENTOS	

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
galega.				<p>-Debates</p> <p>-Exposicións orais e escritas sobre temas concretos que esixan utilizar campos semánticos específicos.</p> <p>-Exposicións orais e escritas sobre contidos do currículo.</p> <p>-Gravación en vídeo dunha exposición oral propia e posterior visionado e posta en común polo resto do alumnado para apreciar e valorar os aspectos da prosodia.</p> <p>-Exercicios específicos para determinados contidos.</p> <p>INSTRUMENTOS</p> <p>-Revisión do caderno do alumno.</p> <p>-Probas obxectivas escritas sobre contidos concretos ou sobre lecturas</p> <p>-Rexistro en distintos tipos de escalas, listas ou táboas segundo a actividade.</p> <p>-Autoavaliación.</p>	20%
LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	AX				
LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural.			AX		
LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras.	AX				
LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.	AX	AX	AX		
LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.	AX	AX	AX		
LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.	AX	AX	AX		
LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas.	AX	AX	AX		
LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas erelacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	AX	AX	AX		
LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso	AX	AX	AX		

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.				-Coavaliación. -Observación e rexistro en diario de clase	
LINGUA E SOCIEDADE					
LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos.	AX	AX	AX	<p>PROCEDIMENTOS</p> <p>-Recollida de topónimos e antropónimos galegos e investigación da súa orixe.</p> <p>-Gravacións orais de galego falantes de distinto perfil (idade, nivel sociocultural, hábitat, procedencia xeográfica...) e posterior análise .</p> <p>-Investigación individual do alumno ,mediante unha enquisa ,sobre o uso da lingua galega na familia , na súa contorna ou no centro de ensino. Posta en común.</p> <p>-Análise sobre a situación lingüística en distintos ámbitos sociais, hábitats, idades, etc Análise de puntos fortes e febles</p> <p>-Elaborar campaña de fomento da lingua para distintos contextos sociais.</p> <p>-Exposicións orais e escritas sobre</p>	20%
LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas.	AX	AX	AX		
LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega.			AX		
LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.			AX		
LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978).	AX	AX	AX		
LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística.	AX	AX			
LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer	AX	AX			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico.				distintas etapas da historia da lingua galega.	
LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua.	AX	AX		-Facer unha escolma de textos literarios e non literarios das distintas etapas do galego.	
LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios.	AX	AX			
LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade).			AX	INSTRUMENTOS -Observación e rexistro en diario de clase	
LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade).			AX	-Revisión do caderno do alumno	
LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística			AX	-Probas obxectivas escritas sobre contidos concretos ou sobre lecturas -Rexistro en distintos tipos de escalas, listas ou táboas segundo a actividade.	
LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego.			AX	-Autoavaliación. -Coavaliación	
LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades.			AX		
LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade.			AX		
LGB4.5.1. Elabora unha	AX	AX	AX		

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.					
LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	AX	AX	AX		
EDUCACIÓN LITERARIA					
LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.	AX			PROCEDEMENTOS -Lectura expresiva de distintos textos literarios. -Comentarios de textos de distintas etapas -Recital poético -Elaboración de mapas asociativos Literatura /Sociedade /Lingua -Creación de textos con finalidade estética.	20%
LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.	AX				
LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	AX				
LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	AX				
LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	AX				
LGB5.2.3. Le e comenta	AX				
				INSTRUMENTOS	
				-Observación e rexistro en diario de clase	

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico				-Revisión do caderno do alumno -Probas obxectivas escritas sobre contidos concretos ou sobre lecturas	
LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.		AX		-Rexistro en distintos tipos de escalas , listas ou táboas segundo a actividade . -Autoavaliación.	
LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70.		AX		-Coavaliación	
LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.		AX			
LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.		AX			
LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e		AX			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
sociolingüístico.					
LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.		AX			
LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.			AX		
LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.			AX		
LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.			AX		
LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.			AX		
LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e			AX		

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.					
LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.			AX		
LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	AX	AX	AX		

4.7.TEMPORALIZACIÓN

Ver temporalización de contidos e estándares do apartado 4.

5.8.GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

MÍNIMOS ESIXIBLES EN 1º CICLO ESO

-Extrae a idea fundamental de sinxelos textos orais e escritos próximos á súa experiencia persoal ou do ámbito académico.

-Expón oralmente e con claridade as propias opinión e escoita con atención e respecto as alleas.

-Aplica cun mínimo de corrección o subliñado de ideas principais, elaboración de esquemas con xerarquización de información, etc

-Resume o substancial de textos orais e escritos.

-Planifica e revisa os traballos escritos para obter una boa presentación respectando as normas básicas gramaticais e ortográficas.

- Recoñece e utiliza con corrección as categorías gramaticais básicas.
- Utiliza habitual e correctamente o dicionario.
- Le con fluidez aplicando as estratexias adecuadas a distintos tipos de textos.
- Utiliza con normalidade e respecto a lingua galega oral e escrita na súa actividade académica.

MÍNIMOS ESIXIBLES EN 2º CICLO ESO

- Comprende e produce textos sinxelos relacionados coa vida cotiá (actas de reunión, diálogos, entrevistas, etc), os medios de comunicación (discriminando información de opinión) e o ámbito académico.
- Distingue o tema e os subtemas dun texto expositivo e aplica a este distintas técnicas de análise: subliñado das ideas principais, esquemas, resumo.
- Expón oralmente un tema ou determinadas ideas sobre el, utilizando una linguaxe adecuada e mantendo a atención do receptor.
- Coñece e usa os conectores textuais máis comúns e os mecanismos de cohesión textual.
- Utiliza un léxico suficientemente amplo a partir dos diferentes campos semánticos estudados na aula.
- Aplica os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico nas súas producións orais e escritas.
- Coñece a orixe, formación e evolución da lingua galega ao longo da historia.
- Coñece os autores e manifestacións literarias máis importantes dos períodos históricos obxecto de estudo no curso.
- Utiliza a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos

MÍNIMOS ESIXIBLES EN BACHARELATO

- Coñece a evolución histórica da lingua galega, así como os contextos sociolingüísticos nos que se deu.
- Coñece e valora as variantes internas da lingua: xeográficas, sociais e contextuais.
- Utiliza con corrección os recursos lingüísticos dos planos fónico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, así como os procedementos lingüísticos básicos adecuados para a comprensión e a produción de textos.
- Coñece a evolución da literatura galega e comprende a relación desta co contexto histórico e sociocultural no que se produciu.

-Identifica a función predominante, características e estrutura de textos literarios e non literarios e coméntaos dende un punto de vista crítico.

-Utiliza con normalidade a lingua galega en tódalas situacións da actividade académica, mantendo unha actitude respectuosa cara á lingua galega e cara á diversidade plurilingüe e pluricultural, especialmente ao mundo lusófono.

MÍNIMOS ESIXIBLES EN BACHARELATO PARA AS PROBAS EXTRAORDINARIAS

A proba extraordinaria de Bacharelato avaliarase segundo os mesmos criterios que a ordinaria, agás o relacionado con actitudes e oralidade . Dado que só se terá en conta a nota desta proba escrita, deberáse demostrar como mínimo:

1. Unha boa exposición dos contidos teóricos de Sociolingüística e Literatura que demostren o coñecemento e comprensión dos mesmos.
2. O correcto dominio da ortografía e os signos de puntuación, así como a gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.
3. Na produción dun texto, tanto da exposición dun tema como do comentario de texto, valorarase tanto a corrección gramatical e léxica como as propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
4. Na análise e comentario de texto deberá demostrar a comprensión do mesmo, sendo capaz de: distinguir ideas principais e secundarias, analizar a súa estrutura, facer un resumo, indicar o tema e comprender a súa intencionalidade, máis alá da literalidade do mesmo.
5. Certo grao de madurez na exposición de opinións persoais, evitandoclixés, estereotipos, lugares comúns e ideas excesivamente previsibles, así como unha orixinalidade gratuíta e afastada do contido do texto da proba.

5.METODOLOXÍA PRESENCIAL/SEMIPRESENCIAL

Os principios metodolóxicos que orientan a nosa práctica educativa na materia de Lingua Galega e Literatura pretenden partir dunha metodoloxía activa e motivadora, que integre ao alumnado na dinámica xeral da aula e no proceso de aprendizaxe, valoración e uso da lingua propia. Neste sentido, as liñas do noso traballo serán :

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas, diagnóstico que se fará mediante unha proba de avaliación inicial e o seguimento posterior do alumno.
- Priorizar a dimensión comunicativa da lingua (sen esquecer a reflexión e o coñecemento do propio código lingüístico) co fin de que o alumnado adquira as habilidades e estratexias necesarias para o seu uso en distintas función e contextos.
- Participar en proxectos educativos complementarios como medio de integración da propia lingua en distintos usos e contextos.
- Traballar con distintos tipos de textos, especialmente expositivos e argumentativos , así como os relacionados coa vida social.
- Fomentar a iniciativa persoal e a aprendizaxe significativa autónoma mediante a utilización de diversas fontes e recursos (biblioteca, internet, etc) para a obtención de información.

- Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo: exposicións de traballos individuais ou en grupo, coloquios, debates...
- Fomentar o gusto pola lectura e a capacidade progresiva de busca e elección crítica e selectiva de obras mediante lecturas individuais ou colectivas e a súa elección dentro dos itinerarios propostos.
- Dinamizar e enriquecer a lectura de textos literarios con actividades sobre os mesmos: encontros con autores, club de lectura, blogs literarios, exposicións...En Secundaria adicarase unha hora lectiva á lectura e actividades sobre a mesma.
- Conxugar o aspecto formal dos comentarios de texto literarios coa valoración crítica cara a unha mellor argumentación persoal.
- Aplicar técnicas de traballo colaborativo que impliquen ao alumnado na planificación, participación e avaliación do propio traballo e do alleo.
- Fomentar a creatividade mediante actividades como: dramatizacións, escritura creativa individual, escritura colaborativa, etc
- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.
- Promover tarefas encamiñadas a conseguir a reflexión sobre o propio comportamento sociolingüístico e do xeral da sociedade galega en canto ás dúas linguas ambientais en Galicia.
- Realizar actividades que favorezan o achegamento ao mundo da lusofonía como medio de superación de prexuízos para coa lingua e cultura propias.

TELEMÁTICA

-Utilización da Aula virtual ,Abalar e correo electrónico.

-Vídeoconferencias ,unha por semana ou cada dúas semanas,dependendo das posibilidades en función do número de alumnos,recursos...e nalgún grupo en particular.

-Comunicación cos titores respectivos.

-Dada a necesaria individualización das medidas aplicadas, cada familia e alumno/a será informada de modo persoal,no referido a atención á diversidade.

-Comunicación frecuente coa PT e coa orientadora no caso dese alumnado con necesidades específicas.

6.MATERIAIS,FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

No curso 2016-2017, na ESO púxose libro de texto adaptado á LOMCE por decisión do Departamento. Aínda así, este material será completado e actualizado con material elaborado polo departamento segundo as necesidades do novo currículo.

O material impreso (libro de texto de apoio, libros de lectura, prensa, guías de lectura, fichas de reforzo...) completárase con recursos dixitais e tecnolóxicos dos que dispón o centro (biblioteca, departamento/s ou os propios alumnos ou profesor: gravacións dixitais, audicións musicais de textos literarios en rede, presentación informática, medios de comunicación en xeral, adaptacións cinematográficas de obras literarias, etc.

Ademais dalgúns destes recursos, na biblioteca sempre haberá exemplares dos libros de lectura complementaria (dous obrigatorios por curso en cada nivel ademais dos recomendados dunha lista opcional).

Terase en conta tamén como material complementario e compartido o creado polos propios alumnos como: vídeos elaborados por eles, lectura de textos de creación persoal que van editando manuscritos nunha libreta de creación persoal que está sempre na aula e levan á casa cando queren editar algo novo (tamén así as familias poden ver/ler os seus traballos).

En Bacharelato, ademais dos recursos anteriores, o profesor pode completar este con unidades didácticas elaboradas de seu e mesmo, algunhas veces, serán os propios alumnos os que elaboren a unidade a partir de distintas fontes de información.

En ambos os dous niveis, ESO e Bacharelato, o recurso das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) será un elemento activo máis da aprendizaxe. A educación dixital xirará arredor do proxecto Abalar, internet, blogs...) que serán empregados dun xeito progresivo e complementar, como apoio ao labor da aula.

-Plataformas xa indicadas e libros de texto, ademais de textos varios, documentais, xogos lingüísticos e recomendacións de lecturas a través da páx. Galiciale...

-Diferentes soportes dixitais como dicionarios, medios de comunicación, procesadores de texto e portais de lingua, literatura e cultura galega.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A cualificación máxima de cada avaliación será de 10 puntos e nela terase en conta a nota media acadada entre os 5 bloques da materia: comunicación oral; comunicación escrita; funcionamento da lingua; lingua e sociedade e educación literaria.

A nota de cada bloque correspóndese coas porcentaxes indicadas nos cadros dos estándares de aprendizaxe do apartado 4 e calcularase como se indica a continuación:

A) Nota media dos 2 exames na ESO, 2 exames en Bacharelato, que se farán por avaliación e que conterán como mínimo un estándar avaliábel dos seguintes bloques: comunicación escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e educación literaria.

A puntuación máxima de cada un destes exames será:

-1º ciclo de ESO: 8 puntos

-2º ciclo de ESO: 8 puntos

-1º Bach.: 9 puntos

-2º Bach.: 9 puntos

Dado que moitos estándares de aprendizaxe serán valorados a través doutros procedementos ao longo da avaliación, a nota do exame será incrementada, de ser o caso, ata a súa puntuación máxima coas notas que teña dos estándares destes bloques durante a avaliación.

B) A avaliación dos estándares correspondentes ao bloque de comunicación oral farase ao longo de cada avaliación mediante os procedementos e instrumentos indicados nos cadros de estándares do apartado 4.

A puntuación máxima deste bloque será:

-1º ciclo de ESO: 2 puntos

-2º ciclo de ESO: 2 puntos

- Bach.: 1 punto

	COMUNICACIÓN ORAL	COMUNICACIÓN ESCRITA	FUNCIONAMENTO DA LINGUA	LINGUA E SOCIEDADE	EDUCACIÓN LITERARIA
1º CICLO	20% (2)	30% (3)	20% (2)	10% (1)	20% (2)
2º CICLO	20% (2)	25% (2'5)	25% (2'5)	10% (1)	20% (2)
1º BCH	10% (1)	25% (2'5)	30% (3)	10% (1)	25% (2'5)
2º BCH.	10% (1)	30% (3)	20% (2)	20% (2)	20% (2)

C) De non acadar a máxima puntuación, sumarase até 1 punto(presencialidade ou semipresencialidade) ou até 2 puntos(ensino telemático),de ser o caso, por actitudes positivas cara á materia e o cumprimento do traballo cotián, así coma o puntual.

D) Terase en conta a corrección da expresión oral, tanto nas intervencións espontáneas coma planificadas, así como a participación nas actividades da Equipa Dinamización Lingüística.

En canto á expresión escrita ,teremos en conta: a organización e exposición ben redactada das ideas, a adecuación dos contidos, a adecuación do rexistro lingüístico así coma a ausencia de faltas ortográficas.

As exposicións orais e outro tipo de traballos serán avaliados segundo as porcentaxes indicadas nos bloques do anterior apartado.

Todo o exposto anteriormente concrétese nas rúbricas que se adxuntan ao final desta programación.

7.1.SISTEMA DE RECUPERACIÓN NA AVALIACIÓN ORDINARIA

-En Secundaria:

Posto que a avaliación da materia é continua, non se fará un exame específico de recuperación cada trimestre. Así, un alumno suspenso (nota inferior a 5) ten a posibilidade de recuperación na seguinte avaliación, sempre que demostre ter superado suficientemente os estándares anteriores, especialmente os valorados en todas as avaliacións (ver cadro de estándares de apartado 4).

Para valorar este progreso, aos alumnos suspensos poderánselles incluír nos seguintes exames contidos non superados na avaliación ou avaliacións anteriores.

A 3ª avaliación será considerada a cualificación global do curso, non obstante, haberá un exame de recuperación final para aquel alumnado que non acadase o aprobado na 3ª avaliación.

(Cif. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA).

-En Bacharelato

De non superarse a avaliación no seu momento, haberá un exame de recuperación a final de curso. Así pois, na 3ª Avaliación, haberá un derradeiro exame de recuperación final, onde se incluírán contidos da(s) avaliación(s) suspensa(s).

Segundo isto, a nota final de xuño en Bacharelato será a media das tres avaliacións para os alumnos que na 3ª avaliación xa teñan as anteriores aprobadas.

Nota: consideramos a parte de Lingua coma progresiva, non así a Literatura e Sociolingüística.

7.2. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN: BACHARELATO.

Bacharelato

Logo da terceira avaliación, o alumnado de bacharelato terá que asistir á clase igualmente até o remate do curso oficial.

O alumnado fará un exame ordinario. De non superar a materia no Exame ordinario, terá dereito a realizar un exame extraordinario.

Actividades de recuperación

Enfocadas para realizar o exame extraordinario.

Poderán subir até un máximo de 1 punto sobre a nota do exame extraordinario. Isto só para o alumnado de 1º de Bacharelato.

Estas actividades desenvolveranse na aula. En ningún caso se poderán levar para facer na casa.

Actividades de reforzo

Exame extraordinario

En 2º BACH as actividades realizaranse seguindo os modelos das probas das ABAU

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA (ESO)

Realizaranse tres avaliacións ordinarias, a terceira con carácter de avaliación final.

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel, aplicando a ponderación entre elas. Xunto ás actividades, realizaranse dúas probas escritas (80% da nota). Estas probas incluírán contidos e procedementos dos diferentes bloques correspondentes á materia e en función dos contidos vistos en cada avaliación.

Ese 80% é completado coa comunicación oral (20% restante): uso habitual do galego na clase, exposicións orais de traballos, debates, intervencións espontáneas ou planificadas etc. Polo tanto, neste apartado o alumnado poderá sumar até 2 puntos.

Finalmente, de non acadarse a puntuación máxima, á nota global obtida do exposto anteriormente (sobre 10) poderase sumar ata un máximo de 1 punto por actitudes: participación na clase e nas actividades realizadas durante o trimestre, comportamento, traballo

cotián, cumprimento nos prazos de entrega dos traballos solicitados, lectura voluntaria, test de lectura etcétera.

Posto que a avaliación da materia é continua, non se fará un exame específico de recuperación cada trimestre. Así, quen teña suspensa unha avaliación terá a posibilidade de recuperala na seguinte avaliación, sempre que demostre ter superado suficientemente os contidos, procedementos e, no seu caso, actitudes anteriores. Para avaliar este progreso, ao alumnado suspenso poderáselle incluír nos seguintes exames contidos non superados na avaliación ou avaliacións anteriores.

Para a nota final teranse en conta o progreso e evolución ao longo do curso. Posto que a avaliación é continua e os contidos son progresivos, un/unha alumno/a que supere a 3ª avaliación (a final) terá aprobada a materia. En todo caso, lembrar que os exames teñen un valor máximo de 8 puntos. Os 2 puntos restantes, xa especificados anteriormente, serán puntuables ata a avaliación final ordinaria.

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación .

Alén diso, cómpre salientar que as incorreccións lingüísticas terán unha penalización. Por este motivo, poderase aplicar unha penalización de ata un punto na súa cualificación. O profesorado establecerá a puntuación que hai que descontar por cada unha delas, atendendo á súa gravidade. Así mesmo, e tal como corresponde a unha materia lingüística, todas as respostas ás probas tanto orais como escritas deberán ser contestadas en lingua galega. Terase en conta ademais o emprego dunha expresión correcta, boa organización e exposición de ideas e adecuación dos contidos e do rexistro lingüístico.

Para aquel alumnado que non supere a materia na avaliación final, haberá un exame de recuperación no que se incluírán contidos e procedementos dos diferentes bloques.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (BACHARELATO)

O alumnado suspenso de 1º de BAC poderá incrementar até 1 punto na cualificación do exame extraordinario, en función da calidade e corrección das actividades de recuperación propostas. Respecto ao alumnado de 2º BAC a cualificación final será o que conste na Final Ordinaria ou na Extraordinaria segundo o caso, é dicir, a cualificación dependerá só da nota do exame.

8.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

CURSO.....	INDICADORES DE LOGRO	NIVEIS DE LOGRO			OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
		Alto	Medio	Baixo	
OBXECTIVOS	Están correctamente fixados e asociados aos contidos				
CONTIDOS	Inclúense todos os necesarios				
	Están secuenciados				

		adecuadamente				
TEMPORALIZACIÓN		Respectouse a súa distribución				
		Respectáronse as actividades programadas				
		Respectáronse os exames programados				
CRITERIOS DE AVALIACIÓN		Os criterios de avaliación son claros				
		Formula diversos instrumentos de avaliación				
		Concretáronse os instrumentos de avaliación en todos os casos				
		Os criterios de cualificación están ben definidos				
		Establecéronse os mínimos esixibles				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		Presentan claridade e concreción				
		Están correctamente interrelacionados cos criterios de avaliación e cualificación				
		Adáptanse perfectamente á xeneralidade do alumnado				
COMPETENCIAS CLAVE		Están perfectamente recollidas e interrelacionadas cos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe				
CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES		Están perfectamente concretados e ben clarificados				
METODOLOXÍA E RECURSOS		É a adecuada tanto para ESO como bacharelato				
		Hai variedade de actividades integradoras no currículo				
		Detalláronse todos os recursos didácticos necesarios para o desenvolvemento da programación.				
		As estratexias				

	metodolóxicas son as axeitadas				
ATENCIÓN DIVERSIDADE	As medidas de atención á diversidade foron as correctas				
	Hai presenza de estratexias diversificadas que dean resposta a distintos intereses e ritmos de aprendizaxe, tendo en conta as medidas de atención á diversidade (RL, ACI...)				
	Existiu coordinación con especialistas do centro(Departamento de orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.				

9.ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

A principio de curso a xefa de departamento reunirase cos alumnos pendentes para informalos do procedemento a seguir ao longo do curso que ,como norma xeral, será:

-Na última semana de setembro haberá un exame extraordinario para os devanditos alumnos. De superaren dito exame quedarán coa materia aprobada e /ou recuperada.

A estes alumnos que non recuperen mediante este exame aplicaráselles o seguinte procedemento:

-Serán avaliados polo traballo continuado, con tarefas que deberán entregar periodicamente ao/á profesor/a para o seu seguimento (corrección, consulta de dúbidas,etc).

-Segundo o reflectido anteriormente,suprimimos os exames da materia pendente na ESO se aproban por parciais coa entrega de traballos propostos e renden positivamente no nivel superior.

Será o profesorado destes alumnos, no curso en vigor,quen avaliará o traballo que se lles encomende,co obxectivo de valorar as notas de pendentes.Esta decisión aplicarase nas convocatorias do actual curso e no vindeiro.

Así pois, na ESO, coa realización do traballo proposto que será supervisado e valorado polo/a profesor/a do curso en vigor, máis a avaliación positiva (aprobado) do curso actual non terían que facer exame final da pendente e a materia estaría superada.No caso de non efectuar o traballo encomendado ou de non efectualo debidamente, irán a exame final .

Aos pendentes de 1º BACH. faránselles dous exames que cualificarán sobre 10 cada un. Se entre as dúas probas non se obtén media de aprobado, haberá un último exame final de toda a materia.

No caso de Bach. non será obrigatorio entregar periodicamente o traballo feito na casa, senón que a cualificación se achará simplemente polas probas.

Será a xefa de departamento quen realice os exames , que serán avaliados tendo en conta a opinión dos outros membros do departamento, para o que se procederá do seguinte xeito: cada profesor corruxirá e cualificará por separado os exames e despois reuniranse para contrastar as súas puntuacións e acadar a nota definitiva.

10.AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS

A primeira semana de clase farase unha proba inicial que permitirá valorar os coñecementos e capacidades dos alumnos e alumnas.

Nesta proba avaliarase:

A competencia comunicativa oral e escrita. Na ESO farán primeiro unha presentación oral de si mesmos e a continuación escribirán un perfil persoal, que entregarán ao/a profesor/a.

A información obtida mediante estas actividades, ademais da recollida mediante a sondaxe aos alumnos e alumnas sobre cuestións fundamentais que consideren sexan abordadas como repaso e reforzo do curso anterior ,será o que marque o punto de partida do traballo, así como as medidas a adoptar tanto individualmente como , se for necesario, no conxunto do grupo.En definitiva,todas as carencias e dificultades que manifeste o alumnado no inicio de curso serán tratadas e traballadas no 1º trimestre.

Segundo os resultados obtidos aplicaranse as medidas de Atención á Diversidade do centro.

11.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como resposta ás distintas necesidades persoais e educativas do alumnado, adoptaranse as seguintes medidas:

- Actividades complementarias específicas de cada unidade que sirvan de reforzo ou de ampliación de determinados contidos.

- Fichas de traballo: consisten nunha serie de tarefas relacionadas cun aspecto traballado na unidade e formulan cuestións sobre contidos previamente estudados, xeralmente asociándoas a un texto dado. Nelas, ofrécense actividades que requiren máis tempo para seren solucionadas e que van dirixidas a desenvolver as competencias básicas.

- Os alumnos con necesidades educativas especiais que requiran unha atención fóra da aula serán atendidos en coordinación coa profesora de Pedagogía Terapéutica (DPT). Segundo as necesidades de cada alumno, o Departamento de Lingua Galega ofrecerá ao DPT os recursos propios da materia.

- En calquera caso, cando sexa necesario , atenderase ás medidas recollidas no Plan de Atención á Diversidade do centro, incluído na PXA.

12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ademais de coidar o uso da linguaxe e de seleccionar textos, material audiovisual ou outros recursos que non supoñan unha violación dos dereitos de igualdade, tolerancia, respecto polo medio ambiente, etc, teranse en conta aqueles temas transversais que teñan unha maior presenza na programación de contidos de cada nivel. Así destacamos:

- EDUCACIÓN PARA A PAZ.

O diálogo, respecto e tolerancia na resolución de conflitos.

Importancia da cooperación internacional por parte de organismos comprometidos coa paz.

- EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA.

Respecto pola diversidade cultural e lingüística no mundo.

Os fenómenos migratorios como enriquecemento intercultural.

Actitude persoal ante acontecementos actuais de repercusión mundial (inmigración, refuxiados, terrorismo...)

- EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR.

Actitude crítica e consumo responsable ante os avances no mundo da información e a publicidade.

Comercio xusto e responsable para o consumidor e produtor dos países pobres e ricos. Xustiza alimentaria.

- EDUCACIÓN NON SEXISTA.

A contribución da muller ao enriquecemento cultural dunha sociedade.

Análise crítica da realidade para corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, relacións de parella. etc.

- EDUCACIÓN AMBIENTAL.

A conservación do patrimonio cultural fronte a unha estética importada (celebracións tradicionais como o os Defuntos, Nadal, Entroido,etc nun mundo globalizador).

O apego á terra e o respecto ao medio ambiente.

Valoración de actitudes de rexeitamento da terra e problemas medioambientais contemplando posibles solucións

- EDUCACIÓN PARA A SAÚDE.

Vantaxes e desvantaxes do período da mocidade.

Análise crítica de situacións e condutas que poidan implicar perigos e riscos para a persoa.

Aprender a vivir a propia sexualidade respectando a dos demais, así como utilizar unha linguaxe adecuada e respectuosa.

Aproveitamento da oferta cultural (teatro, cinema,etc) no tempo de lecer como hábito saudable.

A materia de lingua e literatura é unha área ideal para o tratamento destes temas transversais, que poden estar presentes tanto nos textos traballados na aula como nas obras de lectura ou material audiovisual complementario. Todos eles contribuirán a reforzar especialmente a Competencia social e cívica, a Competencia en iniciativa e espírito emprendedor e a de Conciencia e expresións culturais.

13.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades programadas inicialmente para o presente curso 2022-2023 son as seguintes:

- Asistencia a representacións teatrais organizadas polo Padroado de Cultura do Concello de Narón (tódolos niveis)

- Participación en certames que supoñan o fomento da normalización lingüística entre o alumnado: *Certame intercentros*, organizado polo Concello de Narón con motivo da celebración das Letras Galegas, etc (tódolos niveis)
- Encontros con autores (tódolos niveis)
- Exposicións no centro de calquera temática vinculada á cultura galega (tódolos niveis)
- Posibles visitas virtuais de casas - museo de autores significativos.

Con independencia de todo o anterior, o Departamento seguirá as medidas recollidas no correspondente *Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares* incluído na PXA do centro.

14.REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- 1.Farase, cando menos unha vez ao mes, unha reunión de departamento na que se tratarán as diferentes cuestións que vaian xurdindo ao longo do curso.
- 2.Nas devanditas reunións farase un seguimento do proceso de ensino e da práctica docente segundo o recollido na táboa dos indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente(cif. Pto 10).
- 3.Coa información recollida ao longo do curso así como os resultados finais, elaborárase a memoria final anual.

15.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Aínda que o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro non é responsabilidade exclusiva das materias de Lingua, a propia natureza destas materias leva implícita toda una actividade encamiñada a desenvolver do hábito lector e mellorar a competencia lectora.

En todos os cursos será obrigatoria a lectura dous libros, ademais de outras lecturas optativas dunha listaxe de suxestións feita polo profesor.

En tódolos cursos de ESO destinarase una hora semanal da materia á lectura e/ou actividades relacionadas coa mesma: esquemas de xerarquización de ideas, resumos, comentarios críticos...

Nesta etapa , intercalarase a lectura silenciosa individual coa lectura compartida en voz alta (por parte do profesor como modelo lector ou por parte do alumnado).

Procurarase que a lectura se poida facer en diferentes soportes e que os textos sexan de tipoloxía variada : literarios, informativos, publicitarios, instrutivos, xornalísticos, etc; e terase en conta o aproveitamento destes para a educación en valores.

Na lectura de obras literarias correspondentes ao temario de Literatura Galega, traballarase, especialmente en Bacharelato, o comentario de texto tendo en conta autor, época e movemento estudado.

Da lectura de textos/obras non específicos do temario faranse sempre actividades de posta en común para compartir impresións, opinións, experiencias etc, derivadas da lectura.

Os espazos de lectura serán variados: aula de clase, biblioteca, aula de informática ou outros (corredores, vestíbulo, patio, etc).

Ademais desta actividade lectora dentro do horario da materia, os alumnos contarán tamén co tempo de lectura diario (20 minutos) segundo o calendario asignado polo centro dentro do Proxecto Lector. Por tanto, ante a proposta do Plan lector do centro consideramos efectivo alternar a lectura en voz alta coa silenciosa, priorizando a que conveña no momento e segundo o grupo de alumnos.

Canto ás lecturas en voz alta o profesor poderá seleccionar textos de efemérides ou de autores fundamentais da literatura.

16.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

A incorporación das TIC á materia de Lingua Galega ten un valor engadido ao transmitir ao alumnado a idea de que a nosa lingua e cultura están á altura dos tempos e lonxe da súa asociación histórica co ruralismo e o atraso.

Promoverase a participación do alumnado nalgún proxecto de traballo cooperativo de investigación : Ex: Conectando Mundos, proposta educativa de Intermon Oxfam, que permite combinar o traballo na aula co traballo colaborativo online no que participan alumnos e alumnas de diferentes países e idades , nunha plataforma telemática multilingüe (en o linguas, incluído o galego). Outro proxecto no que soemos participar cos nosos alumnos e alumnas é o de Proxecto Terra .

Na materia de Lingua Galega, coa axuda das TIC, o alumnado deberá obter información e comunicala en distintos soportes.

Prestarase especial atención aos criterios de selección de información dixital e análise crítica da mesma, así como a súa transformación en coñecemento. Nos niveis máis baixos , o profesor dirixirá máis a selección de información mediante Webquest.

Para traballar a oralidade utilizarase, especialmente, a cámara de vídeo e o minidisc.

O alumnado deberá presentar algún dos seus traballos en soporte dixital.

Usaranse habitualmente programas e ferramentas informáticas da aula/centro (ordenador persoal, pizarra dixital, etc) tanto nas explicacións por parte do profesor como nos traballos de investigación e a súa exposición por parte do alumnado.

RÚBRICA VALORACIÓN DA ACTITUDE E TRABALLO

CRITERIOS				PUNTUACIÓN TOTAL 1 PUNTO
COLABORACIÓN	Colabora activamente na aula e presenta respecto polos compañeiros/as e o/a docente.	Ás veces colabora na aula e acostuma respectar os compañeiros/as e o/a docente.	Non colabora habitualmente na aula nin respecta os compañeiros/as e o/a docente.	
MATERIAL	Trae o material correspondente e coida o material da aula.	Ás veces trae o material correspondente e coida o material da aula.	Non trae o material correspondente nin coida o material da aula.	
TRABALLOS	Entrega en prazo os traballos solicitados e cumpre os tempos de realización das tarefas.	Ás veces entrega en prazo os traballos solicitados.	Non entrega en prazo os traballos solicitados.	
TAREFAS	Cumpre positivamente coas tarefas cotiás.	Ás veces cumpre positivamente coas tarefas cotiás.	Non cumpre positivamente coas tarefas cotiás.	
ACTITUDE	Presenta unha actitude positiva cara á materia e respecta as indicacións do/da docente.	Ás veces presenta unha actitude positiva cara á materia e respecta as indicacións do/da docente.	Non presenta unha actitude positiva cara á materia nin respecta as indicacións do/da docente.	
INTERESE	Amosa atención e concentración na aula.	Ás veces amosa atención e concentración na aula.	Non amosa atención nin concentración na aula.	
CORRECCIÓN	Corrixe as tarefas cotiás.	Ás veces corrixe as tarefas cotiás.	Non corrixe as tarefas cotiás.	

RÚBRICA DE COMUNICACIÓN ORAL

CRITERIOS				PUNTUACIÓN TOTAL 1 PUNTO 1º BAC. 2 PUNTOS ESO
ESTRUTURA	Realiza unha boa introdución, desenvolvemento, síntese e conclusión do tema.	Ás veces realiza unha boa introdución, desenvolvemento, síntese e conclusión do tema.	Non realiza unha boa introdución, desenvolvemento, síntese e conclusión do tema.	
VOZ E EXPRESIÓN CORPORAL	Emprega unha correcta actitude corporal e o volume, entoación e ritmo son moi apropiados.	Ás veces emprega unha correcta actitude corporal e o volume, entoación e ritmo son apropiados.	Non emprega unha correcta actitude corporal e o volume, entoación e ritmo non son apropiados.	
ADAPTACIÓN DO TEMPO	Adáptase moi ben ao tempo dado e á súa distribución.	Ás veces adáptase ben ao tempo dado e á súa distribución.	Non se adapta ben ao tempo dado e á súa distribución.	
USO DE RECURSOS	Usa moi axeitadamente os recursos externos.	Ás veces usa axeitadamente os recursos externos.	Non usa axeitadamente os recursos externos.	
FONTES DE INFORMACIÓN	Fai unha boa citación de fontes de información.	Ás veces fai unha boa citación de fontes de información.	Non fai unha boa citación de fontes de información.	
FLUIDEZ NO DISCURSO	Presenta boa fluidez no discurso.	Ás veces presenta boa fluidez no discurso.	Non presenta boa fluidez no discurso.	
VOCABULARIO E REXISTRO	Emprega un vocabulario e rexistro lingüístico adecuados.	Ás veces emprega un vocabulario e rexistro lingüístico adecuados.	Non emprega un vocabulario e rexistro lingüístico adecuados.	
COHERENCIA E COHESIÓN	Céntrase no tema e presenta boa coherencia e cohesión no discurso empregado.	Ás veces céntrase no tema e presenta boa coherencia e cohesión no discurso empregado.	Non se centra no tema e presenta mala coherencia e cohesión no discurso empregado.	

RÚBRICA DE COMUNICACIÓN ESCRITA

CRITERIOS				PUNTUACIÓN
FORMATO	Diferéncianse claramente as distintas partes do texto.	Algunhas partes do texto non están ben diferenciadas.	Non se diferencian as partes do texto.	
CONTIDO	A mensaxe é coherente, adecuada e ten conectores.	Á mensaxe fáltnlle algúns dos puntos anteriores.	A mensaxe non cumpre con dous puntos dos tres puntos que se piden.	
VOCABULARIO	Utiliza un vocabulario variado sen repetir palabras.	Repite algunhas palabras.	Vocabulario limitado e repetido.	
CREATIVIDADE	O contido do texto é variado e orixinal.	O contido do texto presenta algún elemento orixinal.	O contido do texto non contén elementos variados ou orixinais.	
ORTOGRAFÍA	A escritura das palabras é correcta.	Presenta algún erro ortográfico.	Presenta multitude de erros ortográficos.	
			TOTAL:	

Os integrantes do departamento de Lingua e Literatura Galega:

Luisa Duro Santos

Leticia López Pérez

Marta Dacosta López (xefa de departamento)